

## **INCITE.- Axudas para o fomento da propiedade industrial**

*Orde do 5 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións para o fomento da propiedade industrial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009*

A Constitución española recolle no seu artigo 149.1º.9 como competencia exclusiva do Estado a lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 29 como competencia da Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia de propiedade industrial e intelectual.

O traspaso da competencia de execución en materia de propiedade industrial foi incluído no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, de transferencia de funcións e servizos do Estado en materia de industria, e foi atribuído o seu desempeño á Consellería de Industria polo Decreto 132/1982, do 4 de novembro.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite), que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006.

O Incite ten como misión impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-tecnolóxica facilitando, deste xeito, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación ao conxunto da sociedade galega. Este plan estrutúrase en tres tipos de programas: os programas horizontais, os programas xerais e os programas sectoriais.

Dentro dos programas sectoriais inclúese o programa de innovación empresarial que comprende todas as accións e instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa. Para o desenvolvemento deste programa sectorial no Incite prevese, entre outros, a prestación de apoio financeiro para a protección, a través do sistema de propiedade industrial, dos resultados da actividade innovadora e creativa desenvolvida na Comunidade Autónoma galega.

Nesta convocatoria está prevista a concesión de axudas para a protección das invencións desenvolvidas por empresas, institucións sen fin de lucro ou persoas físicas en Galicia, así como para a protección dos deseños industriais creados polas empresas galegas ou para o rexistro das marcas que vaian utilizar para a comercialización dos seus produtos.

Con este apoio financeiro procúrase, así mesmo, a equiparación da actividade rexistral do noso tecido empresarial co resto do Estado español e, consecuentemente, unha mellora das condicións de competitividade de Galicia.

De acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007), esta orde tramítase na modalidade de concorrencia non competitiva, de modo que as solicitudes de subvención serán atendidas respectando a súa orde de entrada e sen comparación con outras solicitudes, ata o esgotamento do crédito dispoñible. O feito de non acudir ao procedemento de concorrencia competitiva motívase porque as axudas se outorgarán polo mero feito de cumprir uns requisitos regrados e fixados de forma clara nesta orde de subvencións, de tal maneira que non é axeitado, atendendo á finalidade e ao obxecto da axuda, establecer criterios de gradación entre os posibles beneficiarios, para os efectos de proceder á comparación das súas solicitudes.

Así mesmo, co fin de simplificar os trámites administrativos e, en consecuencia, facilitar o acceso ás axudas, optouse por unificar todo o proceso de gasto (realización e pagamento), de tal forma que soamente se presente unha solicitude de subvención unha vez realizados e pagados os gastos subvencionables.

No Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, suprímese a obriga por parte dos solicitantes de subvencións de identificarse co seu documento nacional de identidade ou tarxeta equivalente dos estranxeiros residentes en territorio español. Non obstante, neste procedemento concreto considérase imprescindible verificar a identidade do solicitante da subvención, polo que, de acordo co establecido na disposición transitoria primeira do citado decreto, exixírase a achega da fotocopia dos citados documentos.

Consecuentemente con todo o anterior, o conselleiro de Economía e Industria en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 12/1989, do 4 de outubro e 2/2007, do 28 de maio,

### **DISPÓN:**

#### **Artigo 1º.- Convocatoria e bases reguladoras.**

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía e Industria para o fomento da propiedade industrial (código de procedemento: IN525A), que se inclúen como anexo I.
2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009.

#### **Artigo 2º.- Solicitudes.**

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4 das bases reguladoras.
2. A solicitude de subvención (anexo II) e os demais anexos que a acompañan (do III ao VI) poderanse obter, cubrir ou imprimir a través da aplicación informática establecida no enderezo de internet <http://www.segapi.org> ao que se poderá acceder a través do seguinte enderezo electrónico:

**Artigo 3º.-** Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse preferentemente na Oficina do Rexistro Único e Información no complexo administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante LRXAP-PAC).
2. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 15 de novembro de 2009, salvo que se produza o suposto de esgotamento de crédito previsto no artigo 7.4º das bases reguladoras. Neste caso, informarase do peche adiantado do prazo de solicitude a través das páxinas web da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e do Servizo Galego de Propiedade Industrial (en diante Segapi) e no *Diario Oficial de Galicia*.

**Artigo 4º.** Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez presentadas as solicitudes por parte dos interesados, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a seis meses.

**Artigo 5º.** Información aos interesados.

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN525A, poderase obter información adicional na Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través dos seguintes medios:
  - a) Páxina web oficial da consellería (<http://www.conselleriaiei.org>), na súa epígrafe de axudas e na oficina virtual.
  - b) Os teléfonos 981 95 73 90 e 981 95 73 91 da devandita dirección xeral.
  - c) O enderezo electrónico [info.segapi@xunta.es](mailto:info.segapi@xunta.es).
  - d) Presencialmente.
2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outros procedementos, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012 (desde Galicia) e 902 120 012 (desde o resto do Estado).
3. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

### ***Disposicións derradeiras***

**Primeira.** Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

**Segunda.** Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2009

Javier Guerra Fernández

Conselleiro de Economía e Industria

## ANEXO I

### Bases reguladoras para a concesión das subvencións para o fomento da propiedade industrial (código de procedemento: IN525A)

#### Artigo 1º.- Obxecto e réxime das subvencións.

1. O obxectivo das subvencións reguladas nestas bases é fomentar a protección da propiedade industrial en Galicia, tanto a nivel nacional como internacional, para garantir a plena explotación dos resultados das nosas innovacións. Trátase de impulsar a protección, non só das innovacións técnicas (invencións), senón tamén das innovacións de forma (deseños industriais) e de imaxe (signos distintivos).
2. a. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007 que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán excepcionalmente do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4º desta lei.  
  
b. A concesión destas axudas estará en todo caso condicionada á existencia de crédito orzamentario, e, no caso de esgotamento do crédito, a administración publicará a indicada circunstancia, o que levará consigo a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:
  - a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
  - b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
3. Este réxime de axudas quedará suxeito ao Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado das axudas de *minimis* (en diante Regulamento de *minimis*). De acordo co establecido neste regulamento comunitario, non se poderán conceder as axudas recollidas nesta orde de convocatoria ás empresas en crise, e ás empresas de sectores concretos como os de pesca e acuicultura, produción primaria, produtos agrícolas e o sector do carbón.
4. Estas subvencións destinaranse a atender os gastos derivados da tramitación de solicitudes de títulos de propiedade industrial e da súa renovación, ante as oficinas nacionais, rexionais ou internacionais. Dentro destas tramitacións inclúense como subvencionables os seguintes conceptos e gastos:
  - a) Solicitud de calquera título de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos). Dentro deste concepto inclúense todos os trámites, desde a solicitude ata a expedición do título, correspondentes á obtención de novos títulos, así como á transformación ou á extensión territorial de títulos existentes. Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Os importes das taxas aplicadas polas ditas oficinas para a realización dos trámites citados.
- Os gastos de consultoría externa asociados á preparación e presentación ante ditas oficinas da documentación correspondente aos trámites citados.

Exclúese deste concepto o trámite referido á solicitude do certificado do título de rexistro tanto da marca como do nome comercial.

O solicitante de subvención por este concepto deberá ser o petionario ou o titular dos títulos de propiedade industrial correspondentes.

b) Mantemento de calquera título de propiedade industrial. Dentro deste concepto inclúense todos os trámites correspondentes á renovación de marcas, nomes comerciais e deseños industriais e á renovación e posta en explotación de patentes e modelos de utilidade. Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Os importes das taxas aplicadas polas ditas oficinas para a realización dos trámites citados.
- Os gastos de consultoría externa asociados á preparación e presentación ante ditas oficinas da documentación correspondente aos trámites citados.

O solicitante de subvención por este concepto deberá ser o titular dos títulos de propiedade industrial correspondentes.

c) Análises de rexistrabilidade de calquera título de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos). Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Os gastos de consultoría externa asociados á realización de buscas de antecedentes rexistrados ou informes de rexistrabilidade, efectuados con carácter previo á solicitude de protección do título de que se trate, sempre que estes servizos sexan prestados por entidades externas, habilitadas ou con recoñecida experiencia para isto.

A subvencionalidade destes gastos está condicionada á presentación, ante a oficina de que se trate, da solicitude do título correspondente. Así mesmo, o solicitante de subvención por este concepto deberá ser o petionario do título de propiedade industrial correspondente.

5. Con respecto aos gastos descritos no número 4 deste artigo non serán subvencionables os seguintes:

- O imposto sobre o valor engadido (IVE), agás no caso de estar exento del. Neste caso deberase presentar a documentación acreditativa desta exención.

- Os gastos de intermediación entre o solicitante de subvención e a consultora externa prestadora do servizo para o que se solicita subvención, é dicir, soamente se subvencionarán os gastos da entidade que realizou efectivamente a tramitación, e non os da que serviu de mero intermediario.
6. Estas subvencións terán unha única anualidade, polo tanto só se admitirán aqueles gastos, dos relacionados no número 3 desta base, que fosen realizados e pagados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data de presentación da solicitude de subvención. O prazo límite para a presentación de solicitudes de subvención está regulado no artigo 3.2º desta orde.

#### **Artigo 2º.- Financiamento e concorrencia.**

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma galega para o ano 2009, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Aplicación orzamentaria. 10.02.741A.771.0.

Solicitantes: empresas.

Crédito anualidade 2009: 700.000 €

Aplicación orzamentaria. 10.02.741A.781.0

Solicitantes: persoas físicas e institución sen fin de lucro.

Crédito anualidade 2009: 70.000 €

Crédito total desta orde: 770.000 €

2. A axuda que se vai conceder asume a forma de subvención a fondo perdido e a súa contía será o 70% dos gastos subvencionables, sempre que exista crédito e quedando suxeita ás dúas limitacións seguintes, de acordo co establecido no artigo 2.2º do Regulamento de *minimis*:

- O importe da subvención non poderá exceder, xunto coas demais axudas amparadas pola cláusula de *minimis* percibidas polo beneficiario no último período de tres anos fiscais, o límite de 200.000 euros, agás para as empresas que operen no sector do transporte por estrada que será de 100.000 euros. Estes límites aplicaranse independentemente da forma da axuda de *minimis* ou do obxectivo perseguido e indistintamente de se a axuda concedida está financiada total ou parcialmente mediante recursos de orixe comunitaria. O período determinarase tomando como referencia os exercicios fiscais utilizados pola empresa no Estado membro correspondente.
- Así mesmo, a suma das subvencións percibidas por un mesmo beneficiario, resultado de ter presentado unha ou varias solicitudes ao abeiro desta convocatoria, non poderá superar os 36.000 euros.

3. As subvencións reguladas nestas bases serán incompatibles con calquera outra axuda outorgada, para os mesmos gastos, por calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado.

### **Artigo 3º.-Beneficiarios.**

Poderán ser beneficiarios destas subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos na convocatoria e nestas bases, e segundo os conceptos e gastos subvencionables descritos no artigo 1.3º destas bases, os seguintes:

- a) Para calquera título de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos): as microempresas, pequenas e medianas empresas (Peme), calquera que sexa a súa forma xurídica, que teñan o seu domicilio social ou algún centro produtivo na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que os conceptos para os que solicitan a subvención teñan aplicación directa nestes centros produtivos.

Para os efectos da clasificación de empresas que se inclúen neste apartado, teranse en conta as definicións que se recollen no anexo VI desta orde.

- b) Soamente para títulos de propiedade industrial correspondentes a invencións:

- As grandes empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que teñan o seu domicilio social ou algún centro produtivo en Galicia, sempre que os conceptos para os que solicitan subvención teñan aplicación directa nestes centros produtivos.
- As persoas físicas empadroadas en Galicia.
- As institucións sen fin de lucro, calquera que sexa a súa forma xurídica, que teñan o seu domicilio social en Galicia.

### **Artigo 4º.- Solicitudes.**

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria.
2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse un exemplar da seguinte documentación:

Documentación administrativa:

- a) Se o solicitante é unha persoa xurídica, copia compulsada do CIF ou do NIF en caso de empresario individual e, se é unha persoa física, copia compulsada do seu NIF e do seu certificado de empadramento na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Se o solicitante é un traballador autónomo, deberá acreditarse esta circunstancia achegando copia compulsada do documento xustificativo da súa alta na Seguridade Social no réxime especial de traballadores autónomos, así como do último recibo aboado a este organismo por ese concepto.

- c) Se o solicitante é unha persoa xurídica, copia compulsada do documento público acreditativo do poder co que actúa o seu representante.
- d) Declaración de axudas obtidas ou solicitadas, para os mesmos gastos, en calquera outra administración, organismos ou entes públicos ou privados, que haberá de formularse segundo o modelo recollido no anexo IV desta orde. De ser o caso, para as axudas concedidas deberá presentarse copia da resolución de concesión.
- e) Declaración de axudas, amparadas pola cláusula de *minimis*, obtidas ou solicitadas durante os últimos tres anos, en calquera outra administración, organismos ou entes públicos ou privados, que haberá de formularse segundo o modelo recollido no anexo V desta orde. No seu caso, para as axudas concedidas deberá presentarse copia da resolución de concesión.
- f) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento da subvención, na que conste a razón social e o CIF/NIF do titular, así como o código de banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente.
- g) Declaración de cumprimento dos requisitos de beneficiario que haberá de formularse segundo o modelo recollido no anexo VI desta orde.
- h) Certificados acreditativos de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de non presentarse estes certificados, e en aplicación do establecido no artigo 5.1º destas bases, serán solicitados polo órgano concedente.

Documentación xustificativa dos gastos:

- a) Cadro de gastos, que deberá formularse segundo o modelo recollido no anexo III desta orde, no que deberán detallarse os gastos conforme as instrucións que figuran no anexo VII.
- b) Xustificantes de realización e pagamento dos gastos (para cada un dos gastos que se recollan no anexo III):
  - Copia compulsada do documento que acredite a realización do trámite correspondente ante a oficina de propiedade industrial que demostre a súa realización dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data de presentación da solicitude de subvención de que se trate.
  - Copia compulsada do documento bancario acreditativo do pagamento da taxa, cando se trate de conceptos incluídos nas letras a) e b) do artigo 1.3º.
  - Copia compulsada das facturas dos provedores (que deberán reflectir para cada gasto, o seu importe e a súa descrición, co mesmo detalle que o esixido no anexo VII) e dos documentos bancarios acreditativos do pagamento destas facturas (que permitan identificar a factura e o provedor), cando existan gastos de consultoría.

- Unha copia das buscas ou informes para os que se solicita subvención, cando se trate de conceptos incluídos na letra c) do artigo 1.3º.

c) Calquera outro documento que se requira, en orde á determinación e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

A solicitude de subvención (anexo II) e os demais anexos que a acompañan (do III ao VI) poderanse obter, cubrir ou imprimir a través da aplicación informática establecida no enderezo de internet <http://www.segapi.org>.

#### **Artigo 5º.- Consentimentos e autorizacións.**

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar daquela as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Consonte co establecido no mesmo artigo, se o solicitante indica que certos documentos que se deban usar neste procedemento xa están no poder da administración actuante, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Neste caso, o solicitante deberá facer constar a data e o órgano en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e non poden ter transcorrido máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto consonte co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.
3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

#### **Artigo 6º.- Órganos competentes.**

1. A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través do Segapi, será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións; corresponderalle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión e pagamento.

2. O Segapi será o órgano encargado de valorar as solicitudes e propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados. Para isto, desenvolverá de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

#### **Artigo 7º.-Instrución do procedemento.**

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da LRXAP-PAC, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 1.1º, resulta que o solicitante non se atopa ao corrente de pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.
3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria adquirirán data de prioridade para os efectos de reservar o crédito necesario para atender a posible subvención, de acordo co establecido no punto seguinte.
4. Ata o esgotamento do crédito dispoñible, a concesión das subvencións efectuarase respectando a data de prioridade adquirida polas solicitudes, con base no establecido no punto anterior, e conforme as seguintes regras:
  - A data de prioridade, para os efectos de reservar o crédito necesario para atender a posible subvención, será a data na que a correspondente solicitude de subvención se presentase, nalgún dos lugares previstos no artigo 3.1º desta orde. Non obstante, en caso de ser requirida a rectificación da solicitude, conforme o previsto no número 1 deste artigo, a data de prioridade virá determinada pola data de presentación do escrito de rectificación ou do oficio polo que se acompañen os documentos preceptivos, nalgún dos lugares previstos no artigo 3.1º desta orde.
  - Sempre que se cumpran os requisitos determinados nestas bases e na convocatoria, e ata o esgotamento do crédito dispoñible, as solicitudes de subvención serán atendidas respectando a súa orde de entrada e sen comparación con outras solicitudes.
  - No caso de coincidencia na data de presentación entre dúas ou máis solicitudes, presentadas en rexistros diferentes, a orde de prioridade virá determinada polo número e data de entrada no rexistro do Segapi.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas desta.
6. O non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007.

#### **Artigo 8º.-Audiencia.**

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.
2. Porén, poderase prescindir do trámite ao que se refire o apartado anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

#### **Artigo 9º.-Resolución e pagamento.**

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o Segapi formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro de Economía e Industria, que ten a competencia para resolver estas axudas, se prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da Consellería de Economía e Industria. Esta resolución deberá publicarse no DOG.
2. Á vista da proposta formulada polo Segapi a través do órgano instrutor e segundo o que dispón o artigo 21.4º da Lei 9/2007, ao non ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, o conselleiro de Economía e Industria ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación que serán motivadas, de acordo cos criterios de valoración establecidos.
3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses contados a partir da presentación da solicitude de subvención polo interesado nun rexistro válido. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
4. Segundo dispón o artigo 24 da Lei 9/2007 todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 58 da LRXAP-PAC. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da devandita lei, poderase substituír a notificación individual de concesión de axuda pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria, con indicación neste caso da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

### **Artigo 10º.-Réxime de recursos.**

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

### **Artigo 11º.-Obrigas dos beneficiarios.**

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 así como daquelas específicas que se indiquen no anexo desta convocatoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedarán obrigados a:

- a) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, de 8 de decembro de 2006.

### **Artigo 12º.-Incumprimento, reintegros e sancións.**

- 1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde, nas bases reguladoras ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver, total ou parcialmente, as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 (en diante Decreto 11/2009).
- 2. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009.

### **Artigo 13º.-Control.**

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da finalidade das subvencións.
2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o DL 1/1999, do 7 de outubro, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

### **Artigo 14º.-Publicidade.**

Cando remate o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez valoradas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

### **Artigo 15º.-Remisión normativa.**

Para todo o non previsto nas bases reguladoras estarase ao previsto na Lei 9/2007; no Decreto 11/2009; no Regulamento de *minimis* e na demais normativa que resulte de aplicación.